

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	26
4.2. Materiais e recursos didácticos	28
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	29
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	29
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	31
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

## 1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia no curso de 1º da ESO constitúe un vehículo esencial para educar ao alumnado nos valores e principios dunha cidadanía activa e responsable. Como Ciencias Sociais, tanto o bloque de Xeografía como o de Historia encamiñanse neste curso a situar aos e ás estudantes nas bases do coñecemento do espazo físico e dos alicerces das civilizacións sen as cales sería imposible comprender a actual configuración do mundo. Ao longo de toda esta programación prestaremos especial atención ás necesidades do alumnado dende un punto de vista inclusivo que permita educar na diversidade dunha maneira cooperativa e dinámica. Ademais, e tendo en conta o contexto do centro, todas as unidades estarán deseñadas no marco de Edixgal, coas vantaxes tecnolóxicas e de innovación que este aporta tanto na aula como fóra da mesma.

Propoñemos un primeiro bloque dedicado á Xeografía física, no que partiremos do global (o estudo da Terra como planeta e a súa composición) e camiñaremos paulatinamente cara a contidos máis específicos que contribúan a perfilar a imaxe completa do medio físico que nos rodea. Nun segundo bloque dedicado á Historia comezaremos coa orixe do ser humano para levar ao alumnado por un percorrido ao longo da súa evolución até o xurdimento das grandes civilizacións antigas: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma. Unha viaxe na que os e as estudantes percorreren a historia dun vasto territorio poñendo ese coñecemento histórico en relación co xeográfico xa estudado no bloque anterior. Ademais, en cada Unidade Didáctica empregaremos de maneira referencial o contexto físico e o patrimonio monumental da contorna, achegando así os contidos da materia á realidade cotiá do alumnado.

No que respecta ao deseño das actividades, desenvolveremos unha metodoloxía heteroxénea e inclusiva, que valore a diversidade como unha vantaxe en lugar dun inconveniente. Por este motivo propoñeremos actividades diversas nas que ofreceremos ao alumnado varias posibilidades de realización adaptándonos sempre ás súas necesidades psicopedagóxicas.

A Programación diríxese ao alumnado de 1º da ESO do IES Lamas de Castelo, que conta cun total de 13 alumnos e alumnas neste curso.

O IES Lamas de Castelo atópase no concello de Carnota, situado no extremo occidental da provincia da Coruña, ó sur de Fisterra, limitando cos concellos de Muros, Dumbría e Mazaricos. A poboación do concello é lixeiramente inferior a 4000 habitantes, diseminada en 66.4 Km cadrados e distribuída en 5 parroquias (Lariño, Lira, Carnota, San Mamede e O Pindo). Actualmente asistimos á diminución das actividades primarias (pesca, agricultura, gandaría) e aumento dos sectores secundario (cooperativas de confección, granxas de rodaballo, fábrica de conservas e empresas familiares relacionadas coa construción) e terciario (servizos). O reparto da poboación é moi desigual, concentrándose a súa maioría no Val de Carnota, no que nos atopamos un inmenso anfiteatro rodeado de montañas e campos que se protexen do mar por dunas e xuncos.

O IES Lamas de Castelo comezou a funcionar no ano 1998 e o 23 de febreiro de 1999 iniciáronse as clases no edificio actual, que depende da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia. En decembro do 2000, o Consello Escolar solicitou o cambio de denominación de IES de Carnota a IES Lamas de Castelo, nome do lugar no que se localiza e co que se viña coñecendo popularmente.

O alumnado do IES Lamas de Castelo procede, na súa maioría, de dous centros educativos: o CEIP San Crimenzo do Pindo e o CEIP de Carnota. Polo feito de ter unha poboación dispersa, todos os alumnos/as do ensino obrigatorio, agás os de Pedrafigueira e dos lugares próximos ao instituto, teñen dereito a transporte escolar.

Desde o curso 2016/17, o IES Lamas de Castelo está adscrito ao IES Plurilingüe Fontexería, de Muros. Outros centros que reciben o noso alumnado cando rematan a ESO son o IES Agra de Raíces e o IES Fernando Blanco, os dous en Cee. No presente curso 2023-24, o número de alumnas e alumnos é de 68, repartidos en 4 grupos, un por cada nivel educativo: 1º, 2º, 3º e 4º.

O centro conta cun profesorado estable de 17 docentes para o vindeiro curso, cun importante número de membros do claustro que teñen o seu destino definitivo no centro, se ben, nos últimos anos produciuse unha importante renovación do mesmo con moitas incorporacións.

A materia de Xeografía e Historia de 1º da ESO organízase nun grupo de 13 alumnos/as e será impartida por Lucía Ces Carou, docente sen destino definitivo no centro, xefa do departamento unipersonal de Xeografía e Historia.

A materia de Xeografía e Historia en 1º da ESO é unha materia troncal obligatoria que conta con 3 sesións á semana e que se imparte en galego.

Esta programación didáctica está redactada tendo en conta o seguinte marco legislativo:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE)
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		1
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2	3	1-2-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra	Nesta unidade achegaremos ao alumnado á importancia da Terra dentro do Sistema Solar. Abordaremos tamén as etapas de formación da mesma e os principais fitos que marcaron cada unha, a aparición dos primeiros seres vivos e a súa evolución. Para isto, introduciremos ao alumnado nun marco cronolóxico amplo, empregando escalas temporais de grande alcance. Estudaremos asemade os movementos da Terra e as súas consecuencias. Por último, dedicaremos especial atención á localización de puntos no espazo a través do sistema de coordenadas e á comprensión do sistema de fusos horarios.	8	10	X		
2	O relevo	Nesta unidade estudaremos as principais formas do relevo no planeta Terra, as causas da súa formación e as súas principais características. Faremos especial fincapé no recoñecemento das formas do relevo da contorna do alumnado, mellorando o seu grao de coñecemento do entorno que os rodea. Traballaremos especialmente con mapas mudos así como con ferramentas tecnolóxicas relacionadas coa cartografía. Por último, relacionaremos todo este coñecemento sobre o relevo terrestre coas actividades humanas que se desenvolven nel, comprendendo así a utilidade da xeografía na vida cotiá das sociedades.	9	10	X		
3	A auga	Esta unidade xirará en torno á importancia da auga nas nosas vidas. Explicaremos o ciclo da auga e a importancia da súa presenza na Terra, reparando na súa evolución ao longo tempo. Achegaremos tamén ao alumnado á identificación dos principais ríos, océanos, mares e lagos do mundo, a través de imaxes que permitan percibir as diferentes características de cada un deles. Como na unidade anterior, deterémonos con maior atención nos exemplos da contorna do alumnado para achegar a materia á realidade cotiá das súas vidas. Por último, dedicaremos tempo á reflexión sobre o mal uso das augas no mundo e a importancia da súa protección.	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O clima e a paisaxe	Na presente unidade o alumnado coñecerá a diferenza entre clima e tempo atmosférico. Estudaremos os principais elementos e factores climáticos, seguidos da identificación e explicación das diferentes zonas bioclimáticas do noso planeta. Neste último aspecto faremos especial fincapé no contexto europeo, español e galego, descubriendo os seus principais conxuntos bioclimáticos. No que respecta ás técnicas de traballo, aprenderemos a analizar climogramas, cliseries e mapas do tempo, para así poder interpretar o marco climático no que vivimos e as consecuencias que este comporta sobre as nosas vidas.	12	12	X		
5	Natureza e sociedade	Nesta unidade o alumnado coñecerá as consecuencias das diferentes interaccións do ser humano co medio, invitando a unha longa reflexión sobre a nosa responsabilidade na conservación ambiental. Con este fin, empregaremos variados medios de análise a través de diferentes fontes: mapas físicos, imaxes satélite e ferramentas en liña de xeolocalización, así como a prensa e os medios de divulgación científica.	11	11		X	
6	A Prehistoria	Nesta unidade o alumnado tomará contacto por vez primeira coa Prehistoria, identificando e entendendo as diferenzas entre as principais etapas que a compoñen: Paleolítico, Neolítico e Idade dos metais. Estudaremos o proceso de hominización e os modos de vida na época prehistórica, caracterizando culturas de diferentes lugares do planeta. Por último, explicaremos as características das culturas prehistóricas peninsulares, especialmente as máis próximas ao territorio galego e con referencias á contorna do propio alumnado.	11	11		X	
7	As primeiras civilizacións urbanas	Na presente unidade o alumnado coñecerá as primeiras civilizacións urbanas da historia, situándoas no espazo físico e comprendendo a súa evolución xeográfica e temporal. Centrarémonos con maior atención na civilización mesopotámica e na exipcia, abordando aspectos económicos, políticos culturais e sociais que marcaran o devir de cada unha e que nos permitan comprender a pegada que deixaron na historia de pobos e civilizacións posteriores.	11	11		X	
8	A civilización grega	Nesta unidade coñeceremos a evolución da historia da civilización grega e as principais etapas que marcaron á mesma. Estudaremos o fenómeno das colonizacións	14	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	A civilización grega	e comprenderemos a forma de vida do pobo grego, describindo a súa sociedade, economía e cultura. Abordaremos asemade a súa evolución política para deternos con máis detalle a explicar o nacemento da democracia e as súas implicacións. Por último, no campo da cultura prestaremos especial atención á arte, para entender o seu alcance até os nosos días.	14	15			X
9	A civilización romana	Nesta unidade abordaremos o espazo físico e temporal no que se desenvolveu a civilización romana e coñeceremos as principais etapas que caracterizan a súa evolución. Identificaremos os principais trazos da sociedade e da economía romanas, a relación e os cambios políticos de maior relevancia que marcaron a súa historia. Por último, centrarémonos no contexto da Península Ibérica para explicar a romanización e os cambios que tiveron lugar no noso territorio coa chegada dos romanos.	14	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Localizar puntos no espazo mediante a identificación dos catro puntos cardinais (norte, sur, leste e oeste).	PE	60
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Definir e empregar correctamente conceptos clave da unidade como: movemento de rotación, movemento de translación, paralelo e meridiano; de forma oral e/ou escrita.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación.</li> </ul>



Contidos
- Lectura crítica de información.

UD	Título da UD	Duración
2	O relevo	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Definir correctamente os conceptos básicos sobre o relevo continental, costeiro e submarino.	PE	60
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representar elementos do relevo empregando materiais cartográficos e recoñecer algúns accidentes do relevo de maneira visual.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Recoñecer un accidente do relevo significativo da contorna.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar unha táboa de conceptos básicos do vocabulario sobre o relevo e a súa correcta definición.	TI	40
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Debater sobre a conservación do medio físico de maneira oral cos compañeiros/as da clase aportando argumentos.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propoñer como mínimo unha medida para a conservación do relevo terrestre.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Relacionar o medio físico e os elementos do relevo coas condicións do hábitat humano e demostrar empatía con respecto á vida das diferentes sociedades do mundo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).
- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.
- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.
- Conciencia ambiental. Respeto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.

UD	Título da UD	Duración
3	A auga	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñecer o vocabulario básico sobre as augas terrestres e relacionalo co seu significado en contextos orais e escritos.	PE	60
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Facer unha investigación breve sobre as augas da contorna que demostre a comprensión do tema estudado.		
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Representar e interpretar os elementos básicos dun gráfico do réxime dun río.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identificar algún dos elementos da paisaxe da contorna relacionados coas augas do planeta.		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identificar algún dos problemas ambientais relacionados co coidado das augas que afecten á nosa sociedade.	TI	40
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Debater oralmente respectando as opinións dos compañeiros/as sobre os elementos hidrográficos da contorna e os seus principais problemas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Aportar de maneira oral como mínimo unha posible solución para a conservación do patrimonio hidrográfico.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Defender ou razoar oralmente e/ou por escrito sobre as medidas tomadas pola ONU sobre a conservación da hidrosfera.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Identificar algún cambio significativo na vida das persoas con respecto ao cambio climático nos últimos anos e o seu efecto nas augas do planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respeto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O clima e a paisaxe	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Diferenciar os conceptos de tempo e clima, e identificar o significado dos seus principais elementos.	PE	60
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Identificar os elementos principais dun mapa meteorolóxico e dun climograma.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identificar o tempo e o clima da contorna, os seus elementos máis definitorios e as consecuencias da súa interrelación nas nosas vidas.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Argumentar de maneira razoada posibles solucións ao quecemento global explicando por escrito as súas principais causas e consecuencias.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar un resumo, esquema ou glosario no que se recollan os conceptos básicos do tempo e do clima e a relación entre os mesmos.	TI	40
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identificar algún problema social directamente vinculado co contexto climático ou a consecuencia do quecemento global.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumentar de maneira oral e/ou escrita algunha iniciativa sustentable que poida ser efectiva para unha mellor xestión dos recursos no mundo e que minimize o impacto do clima sobre as sociedades.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Demostrar mediante intervencións orais a concienciación con respecto á normativa europea respecto ao cambio climático e as súas consecuencias.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Debater sobre as necesidades das diferentes poboacións do mundo en función da súa zona climática e elaborar polo menos un argumento para favorecer a súa calidade de vida.		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Identificar de maneira oral e/ou escrita unha medida positiva con respecto á protección do medio ambiente que poida frear o quecemento global.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Natureza e sociedade	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Relacionar os principais conceptos clave da unidade co seu respectivo significado de maneira oral e escrita.	PE	60
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñecer as transformacións máis relevantes do medio ambiente e os seus efectos sobre o ser humano ao longo do tempo, e citar como mínimo tres dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.		
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica como mínimo tres elementos principais dun exemplo de paisaxe da contorna.		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Aporta como mínimo tres accións para a protección do medio ambiente que se tomaron nos últimos tempos a nivel local, rexional, nacional e global.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Aporta como mínimo unha acción persoal que teña unha repercusión positiva na relación entre o ser humano e o medio natural, e razoa o seu impacto.		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elaborar esquemas-resumo sobre os principais riscos medio ambiente e as súas posibles solucións.		
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Razoar de maneira oral sobre algún dos problemas principais das sociedades humanas actuais.		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elaborar unha proposta de acción ambiental de maneira individual ou en pequeno grupo por escrito.		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Aporta como mínimo un argumento en favor da lexislación ambiental e o compromiso global polo desenvolvemento sustentable.	TI	40
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Argumenta de maneira oral os efectos do cambio climático no comportamento das sociedades humanas do mundo.		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Elaborar como mínimo un xuízo de valor en relación aos retos do desenvolvemento sustentable contrastando a opinión doutros/as compañeiros/as.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Razoar de maneira oral sobre as diferentes dificultades que experimentan as sociedades do mundo con respecto aos desastres ambientais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> <li>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A Prehistoria	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Relacionar conceptos clave da Prehistoria co seu significado e definir como mínimo tres destes conceptos de forma escrita.	PE	60
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elaborar resumos sobre os principais acontecementos da Prehistoria.		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Identificar como mínimo tres retos que tiveron que afrontar as sociedades prehistóricas e explicar brevemente como os superaron.		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Identificar mediante fontes escritas algúns dos principais acontecementos da Prehistoria.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Identificar como mínimo dous dos principais problemas dos arqueólogos e historiadores para coñecer a vida na Prehistoria.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identificar algunha das conexións do pasado prehistórico galego co do contexto peninsular.		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Identificar os principais elementos dun mapa histórico sobre xacementos e formas de vida prehistóricos.		
3. Favorecer a participación activa, sobre todo de forma oral, tanto na exposición de contidos como na aplicación dos mesmos para a resolución de tarefas. Esta participación traducirase nun maior compromiso por parte do alumnado co proceso de aprendizaxe, tanto individual como colectivo, pois a integración dos coñecementos prodúcese pola interacción tanto co resto do grupo, como coa profesora ou cos materiais de traballo propostos. A participación activa será motivada no conxunto do grupo, buscando sempre un equilibrio que permita as intervencións de todo o alumnado. As tarefas da profesora aquí serán a de moderar o discurso tanto no seu contido como na súa forma, promovendo así o traballo na competencia en comunicación lingüística, e a de mediar na resolución de posibles conflitos.
4. Ofrecer formas de organización do traballo variadas nas que se contemple o traballo cooperativo e a interacción entre o alumnado, coa finalidade de favorecer a súa competencia comunicativa e promover actitudes de respecto e tolerancia no eido socioeducativo. Para isto realizaremos agrupamentos heteroxéneos que favorezan o debate e intercambio de coñecementos, así como o establecemento de estratexias de traballo en equipo. En tódalas unidades haberá actividades desta natureza, que poden realizarse en parellas, pequeno grupo ou en gran grupo segundo corresponda.
5. Empregar medios de traballo variados e atractivos, relacionados a súa maioría coa integración das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no proceso de aprendizaxe. A maioría dos materiais de traballo estarán dispoñibles na aula virtual, a cal servirá tamén como canle de comunicación habitual fóra do horario lectivo.
6. Primar o tempo de traballo de cada sesión para a realización das tarefas, o que require dun estudo pormenorizado da temporalización de cada actividade para adecuala á duración total das mesmas. A finalidade é a de permitir que fóra do horario lectivo o alumnado poida dispoñer de tempo suficiente para integrar os coñecementos adquiridos de maneira autónoma e individualizada, ben sexa repasando estes a través do portafolios ou ben buscando información por outras canles sobre a materia impartida, entre outras estratexias.
7. Establecer unha gradación na dificultade das tarefas e na complexidade dos contidos impartidos, que aumentará progresivamente conforme avancemos na UD correspondente. Isto determinará a orde das actividades en función da súa tipoloxía.
8. Promover un enfoque inclusivo do ensino mediante propostas de aplicación baseadas no Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA). Queremos adiantarnos ás posibles dificultades que poidan xurdir tendo en conta a diversidade do alumnado, incentivando a igualdade de oportunidades asentada no respecto aos diferentes ritmos de traballo e adquisición dos coñecementos e competencias. Algunhas das estratexias que seguimos nesta dirección son o

establecemento de temporalizacións flexibles nas unidades, que permitan modificar a súa planificación inicial adecuándoa á realidade do grupo; a presentación dos contidos a impartir en múltiples formatos que abarquen as preferencias perceptivas dos alumnos/as (textos, mapas conceptuais, ilustracións, pezas audiovisuais, contido multimedia, entre outros exemplos) e con diferentes opcións para a súa percepción (glosarios en ambas linguas cooficiais, adaptación do tamaño e claridade documentos en formato dixital e transcripción escrita dos documentos audiovisuais); e a flexibilidade na forma de desenvolvemento das tarefas, oral ou escrita, en función das dificultades do alumnado.

Para poder empregar mecánicas colaborativas, e, en xeral, para acadar un bo clima no que respecta ás relacións interpersoais na aula, temos que partir dunha serie de principios que debemos, como docentes, inculcar ao grupo-clase:

- a) Responsabilidade individual: todos os membros son responsables do seu desempeño individual dentro do grupo, non debendo adoptar, pois, actitudes disruptivas.
- b) Interdependencia positiva: os membros do grupo deben ser conscientes de que dependen os uns dos outros para acadar a meta común.
- c) Habilidades de colaboración: son as necesarias para que o grupo funcione de forma efectiva: traballo en equipo, liderado, solución de conflitos... Os membros do grupo interactúan entre eles para establecer estratexias efectivas de aprendizaxe.
- d) Uso de rúbricas para valorar o proceso e progreso do grupo: o grupo reflexiona de forma periódica e avalía o seu funcionamento, efectuando os cambios necesarios para incrementar a súa efectividade.

Toda esta programación ten un mesmo espírito: ampliar o coñecemento, reforzando constantemente o que xa temos aprendido, relacionando unhas unidades con outras, e estas co campo máis amplo que son as Ciencias Sociais. Será fundamental facer referencia a cuestións xeográficas (demografía, tipos de industria, o estudo dos mapas físicos para entender manobras bélicas ou o interese estratéxico de certos enclaves coloniais, por exemplo), e artísticas, tanto as contidas no propio currículo, como todas aquelas que consideremos de interese e que axuden a avanzar e interrelacionar conceptos. As referencias literarias, cinematográficas e o mundo da novela gráfica serán constantes nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, buscando motivar as alumnas e alumnos e procurar que busquen novas vías de coñecemento histórico.

Partindo destas premisas, as cuestións de actualidade preséntanse tendo en conta os seus antecedentes históricos para poder analízalas desde unha perspectiva crítica, cotexando información de diferente procedencia. Desta maneira, achégase un coñecemento conceptual e terminolóxico propio da ciencia histórica, e situaranse espacial e temporalmente os diferentes fenómenos e realidades do mundo contemporáneo. Para comprender e asimilar o estudado e traballado na aula, propoñeranse actividades baseadas nos conceptos e o vocabulario que se traballase, e que deberán servir para procesar e interiorizar o coñecemento adquirido.

Ademais do propio apoio dado na aula, faremos entrega ó alumnado de distintos materias teóricas, que lles poidan valer de referencia para enfrontarse ás probas escritas, dando sempre opción a que o alumnado amplíe información por medio das actividades de reforzo, ampliación e consolidación.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto dixital (Edixgal)
Fichas de traballo na aula
Boletín de exercicios clave da unidade
Presentacións dixitais da materia
Ordenadores e encerado dixital
Documentos visuais e audiovisuais

Outros materiais e obxectos de uso puntual para a demostración de cuestións tratadas na aula (patrimonio ambiental, material e inmaterial)

Empregaremos a diario as ferramentas do programa Edixgal, favorecendo o uso das novas tecnoloxías co alumnado e as ferramentas didácticas que nos proporciona. Priorizaremos a realización de actividades en fichas físicas na aula e a elaboración de tarefas en formato dixital autocorrixiible no domicilio para asentar e repasar os contidos. Os materiais serán diversos e escollidos pola profesora en función das necesidades do alumnado e dos contidos a impartir en cada sesión.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Partiremos dunha proba de avaliación inicial coa que pretendemos valorar os coñecementos previos do alumnado. Esta realizarase nos primeiros días de clase con todo o grupo-clase. Un instrumento desta avaliación pode ser unha proba inicial ou preguntas orais, que nos oriente cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades máis axeitadas, para a total e correcta consecución dos obxectivos previstos. A data prevista para a reunión de avaliación inicial da ESO, é o día 5 de outubro de 2022.

Preferentemente a través de probas escritas, a avaliación inicial pode consistir en:

- Lectura dun pequeno texto e preguntas sobre o mesmo. O obxectivo é ver o nivel de lectura comprensiva do alumno/a e o seu grao de coñecemento inicial sobre contidos das distintas materias.
- Mapas, sobre todo de España e Europa. Trátase de observar un nivel de coñecemento xeográfico básico.
- Cuestións sobre aspectos básicos de Xeografía e Historia, que ademais permitirán avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan eses procedementos tan básicos na nosa área.

Esta proba inicial non se terá en conta para establecer a cualificación da avaliación. É unha observación sobre o nivel individual e do grupo, a partir da cal a profesora preparará as estratexias e procedementos necesarios para a impartición das súas clases. Completarase coa observación atenta das dinámicas de traballo no grupo e o ritmo de realización das tarefas e asimilación de contidos de cada alumna e alumno.

Nas reunións de avaliación inicial programadas no centro, trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas na xunta avaliadora. Ademais, nas materias que corresponden ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

De acordo cos resultados obtidos polo alumnado, a partir da realización de dita proba, poderanse adoptar as medidas que o Departamento ou os docentes consideren máis axeitadas para facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe segundo se recollen no apartado relativo á atención á diversidade. Contéplase que se podan adoptar medidas organizativas, ou curriculares, en función das necesidades de dito alumnado. O mecanismo para comunicarse coas familias será a través do Espazo Abalar.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

### **Criterios de cualificación:**

A cualificación reflectirase en puntuacións do 0 ao 10, obténdose unha cualificación global dos distintos instrumentos de avaliación ponderada segundo a importancia que se conceda a cada instrumento.

Xa que logo, os Criterios de cualificación empregados referiranse aos distintos instrumentos de avaliación, que foron deseñados segundo os criterios de avaliación e descritores das competencias clave. Son os seguintes:

- a) As probas escritas terán un peso aproximado do 60% (pode variar en función da UD)
- b) Os traballos e producións do alumnado terán un peso aproximado do 40% (pode variar en función da UD), discriminando entre:
  - Producións, tarefas e traballos escritos ou entregados a través da plataforma Edixgal terán unha ponderación aproximada do 30%.
  - Participación, intervencións oraisdo alumnado e entregas en prazo das tarefas terán unha ponderación aproximada do 10%.

**PROBAS ESCRITAS.** Realizaranse, cando menos, dúas probas escritas por período de avaliación (unha por cada unidade didáctica) e no deseño das mesmas tomaranse como referencia os criterios de avaliación.

Dado que as probas escritas supoñen arredor do 60% do peso da materia, queda a elección do docente puntualos sobre 10 e ponderar esta puntuación ou puntuar as probas escritas sobre 6 ou 7, e facer o propio cos outros instrumentos de avaliación (traballos, fichas, exposicións orais...), de tal maneira que ao sumalos dea 10.

Durante a realización das probas escritas, o alumnado non poderá estar en posesión nin utilizar dispositivos telefónicos móbiles nin calquera outro dispositivo electrónico ou doutro tipo, que permita o almacenamento de información. A posesión e/ou uso dalgún destes dispositivos por parte do alumnado, e o coñecemento de dito feito por parte do profesorado, poderá implicar a retirada inmediata da proba que deberá repetir de novo na data que marque a docente, podendo acadar unicamente a cualificación de aprobado (5) ou suspenso. No caso de detectar a un alumno/a copiando ou utilizando métodos non autorizados expresamente, procederase a retirar o exame e proceder de maneira idéntica ao punto anterior, sen prexuízo da aplicación de outras medidas sancionadoras recollidas no regulamento do centro. A profesora esixirá ao alumnado que realice este tipo de comportamentos un traballo compensatorio que deberá realizar correctamente para asegurar a condición de aprobado no exame a repetir.

En caso de que algunha alumna ou alumno non compareza ás probas escritas fixadas de antemán, e non xustifique segundo a/o docente a súa ausencia, non poderá repetir a proba, obtendo unha avaliación negativa. En caso de que xustifique a ausencia, aportando unha documentación válida a criterio da/do docente, realizarase a proba no seguinte día lectivo que corresponda á materia ou cando a/o docente o considere oportuno.

As probas telemáticas amosaron no curso 2019/2020 numerosos comportamentos fraudulentos. De ter que realizalas, as/os docentes vivirán este tipo de probas en aras dunha maior xustiza nas cualificacións.

Tódalas probas previstas serán marcadas pola profesora no primeiro mes de cada trimestre, permitindo ao alumnado organizar o seu tempo de estudo en función das súas necesidades.

**O CADERNO, AS TAREFAS EDIXGAL E OS TRABALLOS.** Os traballos realizados polo alumnado puntuaranse de 0 a 10 puntos ponderando a nota polo valor que teña no peso total da cualificación, ou puntuando directamente sobre a nota que pode levar (por exemplo sobre 0,75 puntos se ese é o valor do traballo na nota final da avaliación), tendo en conta as rúbricas e criterios de avaliación. Dita puntuación consignarase no caderno da profesora, xunto coa

valoración global do seu traballo tal e como se recolle na rúbrica correspondente.

As entregas dos traballos serán comunicadas pola profesora coa debida antelación ao alumnado para asegurar a súa correcta organización e elaboración.

As entregas de traballos fóra de prazo poderán conlevar unha redución da nota proporcional á tardanza da mesma (até 4 puntos). Cando se detecten dous ou máis traballos de idéntica factura, a profesora poderá anular ditos traballos e solicitar a realización dun novo, ou ben poderá dividir a nota obtida entre o número de traballos copiados (por exemplo, se hai dous traballos iguais coa máxima cualificación -10 puntos-, cada un deles acadará unha nota de 5 puntos, o resultado de dividir  $10/2$ ; se hai tres traballos iguais, a nota dos mesmos sería  $10/3=3,3$ ; e así sucesivamente).

**AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS E FINAL.** A cualificación trimestral obterase realizando a cualificación ponderada dos distintos instrumentos de avaliación segundo se estableceron anteriormente ou ben puntuando cada instrumento de cualificación segundo o seu peso na avaliación.

A cualificación trimestral será positiva, cando esa nota media sexa de polo menos, cinco puntos (5). A cualificación final do curso obterase achando a nota media das tres avaliacións. A cualificación final será positiva, cando esa nota media sexa de, polo menos, cinco puntos (5).

Para o cálculo da cualificación final poderán empregarse as cualificacións trimestrais incluíndo os decimais.

### **Criterios de recuperación:**

Cando algunha das dúas primeiras avaliacións teña unha cualificación negativa, o alumnado terá a oportunidade de recuperala, preferentemente despois do período vacacional correspondente. Para tal fin, a profesora poderá determinar se debe: realizar unha proba escrita na que se consideren os mesmos criterios de avaliación que ao longo do trimestre, ou realizar un traballo relacionado cos contidos da avaliación suspensa. A profesora será quen determine a realización dunha ou doutra modalidade, en función das necesidades do alumno/a en cuestión.

Antes do día 9 de xuño, en base ás cualificacións obtidas ata o momento, realizarase unha aproximación da nota da terceira avaliación e da avaliación final para informar ao alumnado dos CA non superados e garantirlle a posibilidade de recuperalos. Estes/as estudantes poderán utilizar as restantes sesións lectivas para estudar, repasar, facer exercicios, resolver dúbidas e realizar unha proba escrita final de recuperación. A cualificación obtida nesta proba escrita substituirá a que acadara previamente nos CA avaliados. Neste período, o alumnado que non teña que recuperar ningún CA realizará actividades de ampliación que formarán parte da cualificación da terceira avaliación, a cal non poderá ser inferior a 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Na presente Programación Didáctica non se contempla a recuperación e avaliación de materias pendentes ao tratarse dun curso de inicio de etapa educativa (1º da ESO).

### **6. Medidas de atención á diversidade**

É indispensable recoñecer a existencia de alumnos e alumnas con diferentes necesidades educativas debido ás súas diversas capacidades, motivacións, estilos de aprendizaxe e intereses. Por iso é necesario ofrecer diferentes respostas dentro da aula, que se poden concretar nos seguintes aspectos:

A) No referido aos obxectivos didácticos, procuraremos que haxa un equilibrio entre os distintos tipos de capacidades a desenvolver, de forma que o alumnado atope diferentes vías para achegarse ás aprendizaxes. Por exemplo:

- Capacidades cognitivas: contidos referidos a identificar, recoñecer, etc.
- Capacidades afectivas: obxectivos referidos á valoración e aprecio do patrimonio, de actitudes cívicas, habilidades sociais...
- Capacidades sociais: obxectivos orientados á valoración das repercusións de diversos feitos, á mellora do contorno social, etc.



- Capacidades de relación interpersoal: realización de tarefas en grupo, participación en debates, etc.

Ademais disto priorizaranse as capacidades transversais, de forma que o alumnado que non consiga algún obxectivo da etapa a través dos contidos da materia, poida facelo a través doutras.

B) No referido aos contidos procurárase:

- Fixar prioridades, é dicir, distinguir entre os contidos substanciais, que resulta básico aprender, e outras contidos accidentais que poden ser complementarios dos anteriores. Seguiremos a guía establecida co grao mínimo de consecución fixado para os diferentes criterios.
- Establecer un equilibrio entre os distintos tipos de contidos.

C) No referido á avaliación procuraremos deseñar distintos niveis de complexidade, diferenciando tres graos de dificultade:

1. Que reconeza e identifique.
2. Que analice e valore.
3. Que comente e valore criticamente a información.

Intentarase que cada alumno/a alcance os tres niveis, pero o grao de abstracción e dificultade de cada un permitirá diversificar os resultados do alumnado.

Partindo das avaliacións iniciais en cada unidade e ao principio do curso considerarase a necesidade de utilizar reforzos ou exercicios complementarios. Utilizaranse estratexias de avaliación variadas, como expoñemos no apartado de avaliación, para contribuír á atención á diversidade.

Por último, hai unha serie de medidas de aula e metodolóxicas que favorecen o desenvolvemento da diversidade e que en parte sinalamos no apartado de metodoloxía:

- Uso de metodoloxías diversas, combinando os métodos de exposición e indagación.
- Actividades diferenciadas segundo a posibilidade de alcanzar un grao ou outro de afondamento nos obxectivos.
- Materiais non homoxéneos, combinando o libro de texto ou as monografías específicas con medios audiovisuais que contribúan a reforzar a motivación ou a aportar tarefas específicas a alumnos con dificultades de aprendizaxe.
- Agrupamentos: de forma que os alumnos/as poidan ser cambiados de lugar en función das necesidades da clase, sobre todo para o traballo en pequeno e gran grupo.
- Utilización de ritmos distintos, acordos coas capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

Especificamente mencionaremos as medidas levadas a cabo e consensuadas co Departamento de Orientación no que se refire a:

- a) Tratamento do Déficit de Atención e Hiperactividade: terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario, con medidas de ubicación e ordenación da aula, reforzos positivos, técnicas de time-out, consolidación de hábitos e rutinas de traballo, utilización de axenda escolar na planificación, etc.
- b) Dificultades de Lecto-Escritura: reforzamento de lectura comprensiva, supervisión e reforzo de expresión escrita.
- c) Seguirase o procedemento establecido pola Consellería de Educación para o tratamento do Trastorno de Espectro Autista, así como as recomendacións do Departamento de Orientación: reforzos positivos, emprego da axenda escolar etc.
- d) Seguirase o protocolo establecido pola Consellería de Educación para o tratamento da dislexia, así como as recomendacións do Departamento de Orientación.

Finalmente, para aqueles alumnos/as que non consigan acadar os obxectivos mínimos a través de todas estas medidas ordinarias de aula, recorrerase a:

- Reforzos educativos, consistentes na explicación personalizada da materia coa realización de exercicios específicos e deseño de materiais específicos sobre os mínimos esixibles da materia. Incluirá actividades específicas, de reforzo e consolidación de aprendizaxes se fose preciso. O alumnado que precise dun reforzo terá que alcanzar en calquera caso os obxectivos da materia para obter unha avaliación positiva.
- Adaptacións curriculares, realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e que poderán modificar os elementos prescriptivos do currículo segundo as necesidades do alumnado, con probas deseñadas especificamente para os alumnos e alumnas que o necesiten.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita (EOE)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual (CA)	X				X	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial (EEIE)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional (ECC)			X		X	X	X	X
ET.7 - Igualdade e identidade de xénero (IIX)						X	X	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos (PRPC)					X		X	X
ET.9 - Educación e seguridade viaria (ESV)		X			X			

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora (CL)	X
ET.2 - Expresión oral e escrita (EOE)	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual (CA)	X
ET.4 - Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC)	X
ET.5 - Espírito emprendedor e iniciativa empresarial (EEIE)	X
ET.6 - Educación cívica e constitucional (ECC)	X
ET.7 - Igualdade e identidade de xénero (IIX)	X
ET.8 - Prevención e resolución pacífica de conflitos (PRPC)	X

	UD 9
ET.9 - Educación e seguridade viaria (ESV)	X

### Observacións:

Podemos definir os elementos transversais como aqueles que deberán traballarse en tódalas materias e que contribúen ao desenvolvemento integral dos individuos en sociedade. Poténcianse valores que favorecen a liberdade, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade, o respecto aos dereitos humanos e ao Estado de dereito, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Traballaremos a CL e a EOE respectivamente a través das actividades de análise e lectura de textos, e da participación en debates ou na exposición de tarefas. A CA e as TIC traballaranse de maneira moi estreita, mediante o emprego de soportes tecnolóxicos e dixitais para a visualización de materiais didácticos de natureza variada, que poden abarcar contidos audiovisuais como o cinema ou vídeos en liña. Ademais, prestaremos especial atención á busca de información en internet como un recurso de traballo válido e útil nas tarefas de investigación. A ESV é especialmente relevante nas actividades extraescolares así como no estudo da relación entre o medio e as comunicacións, ou a evolución do trazado viario na Historia. A EEIE traballarase a través da toma de decisión no seo do traballo en equipo. A ECC está ligada tanto ao bloque de Xeografía, ao estudarmos aspectos como a conservación do medio natural e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable; como ao bloque de Historia, no que traballaremos este elemento mediante a reflexión sobre contextos de desigualdade social ou situacións de inxustiza. A IIX abordarase ao destacar a situación das mulleres na Historia e coa inclusión de figuras femininas nos fitos máis salientables da Idade Antiga. Por último, a PRPC traballarase ligada á reflexión sobre a desigualdade no mundo tanto no pasado como no presente, e ás propostas de mellora que o alumnado pode aportar para palialas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Museo de Lamas de Castelo	Exposición polos corredores do instituto de láminas con fotografías de obras de arte escollidas e explicadas polo alumnado en cartelas breves, nas paredes do centro. A súa realización terá lugar ao longo do segundo e terceiro trimestres e deberá estar lista para o día 18 de maio, coincidindo coa data do Día Internacional dos Museos. Ten como obxectivo poñer en valor o patrimonio cultural, histórico e artístico das diferentes civilizacións do mundo.	X		
Charla-obraoiro sobre vestimenta na Antigüidade	Visita externa dunha artista gráfica, deseñadora e divulgadora sobre vestido e feminidade na Historia.		X	
Charla-obraoiro sobre arte e literatura	Visita externa dunha historiadora da arte e creadora literaria e celebración dun obradoiro artístico-literario.		X	
Unha viaxe ao pasado	Actividade de recreación histórica no instituto ao longo da Semana Cultural, e en conlaboración con outros departamentos didácticos.		X	
Saída a Santiago de Compostela	Visita ao Museo de Historia Natural, á Cidade da Cultura, á Catedral de Santiago de Compostela e aos monumentos principais da zona vella da cidade.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída cultural ao Barbanza	Visita ao dolmen de Argalo, o Castro de Baroña, a igrexa de Santa María a Nova e o conxunto monumental da vila de Noia. Se fai bo tempo, paseo polos arredores do río Traba e visita á antiga aldea e muíños de Xei. Realizarase cara ao final do terceiro trimestre.			X
Saída cultural e ambiental	Visita á torre de Salvamento Marítimo do Enxa, o dolmen de Axeitos e o Parque Natural do Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán. Pode realizarse ao final do segundo trimestre.		X	
Semana Cultural	Realización de actividades educativas variadas e transversais coordinadas entre os Departamentos didácticos ao longo dunha mesma semana do curso.			X

#### Observacións:

Considéranse un elemento esencial do proceso de ensino-aprendizaxe. As saídas deséñanse en función dos obxectivos das distintas materias, pero teñen un carácter interdisciplinar e serven para varias delas.

O noso departamento didáctico, en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares e tendo e en contacto cos demais departamentos, tratará de realizar cando menos unha saída do centro ao longo do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Conseguín crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Conseguín motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado.
Logrei a aprendizaxe significativa do alumnado.
Fomentei as aprendizaxes experienciais.
Axudei a descubrir a utilidade e funcionalidade do estudado.
As miñas explicacións foron claras e resaltei debidamente os contidos máis importantes.
Favorecín o desenvolvemento das capacidades intelectuais e sociais do alumnado.
Empreguei distintos procedementos e instrumentos de avaliación.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Conseguín que os alumnos/as aprenderans os uns dos outros.

Medidas de atención á diversidade
Beneficie a flexibilidade.
Adoptei as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendín adecuadamente á diversidade do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguín a participación activa de todo o alumnado.
As miñas explicacións foron suficientemente amenas.
Dei un peso real á observación do traballo na aula.
Valorei adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Contei co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantiven (ou intentei manter) un contacto periódico coas familias do alumnado.
Outros
Favorecín que o alumnado adquira actitudes críticas e comprometidas.
Axudei a desenvolver a autoestima, a motivación intrínseca, a satisfacción persoal e a empatía do alumnado.

### Descrición:

No que respecta á avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, esta levarase a cabo mediante unha serie de mecanismos. A profesora fará un seguimento diario a través da observación, anotará no seu caderno aquelas cuestións que considere relevantes, e cubrirá unha táboa de reflexión docente ao finalizar cada UD.

Ao termo de cada trimestre, entregaráselle ao alumnado un cuestionario sobre o proceso de ensino e a práctica docente, que cubrirá de forma anónima. Asemade, o delegado/a da clase reunirse coa profesora, finalizado o trimestre, para detallarlle aqueles aspectos que o grupo considere oportunos.

Considerando os resultados de tódalas cuestións citadas anteriormente, das cales nos valem para conseguir unha percepción máis realista e precisa do proceso de ensino e da práctica docente, a profesora cubrirá dous cuestionarios con indicadores de logro, un sobre o proceso de ensino e outro acerca da práctica docente. Ditos cuestionarios, serán elaborados pola propia profesora de acordo coas recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o deseño de programacións didácticas segundo a LOMCE.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Xunto á avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, cómpre destacar tamén o seguimento da PD. Para a súa avaliación, empregaremos algúns dos mecanismos de revisión e modificación da avaliación anteriormente comentados que teñan que ver coa programación. Estes son: o seguimento diario a través da observación e a anotación das cuestións relevantes; o cuestionario para o alumnado; as reunións cos delegados; as suxestións libres; e as reunións semanais co departamento.

Ademais, para a realización desta avaliación empregaranse as reunións de final de trimestre do departamento, nas que se fará un seguimento da programación dun modo detallado, e discutiránse os posibles cambios ou melloras na

mesma tanto de cara ao seguinte trimestre como de cara ao curso seguinte. Pola súa banda, a Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro tamén realizará unha valoración trimestral do desenvolvemento da presente PD.

Por último, a profesora cubrirá un cuestionario final ao remate de cada trimestre, que segue as recomendacións da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Este cuestionario, xunto cos demais mecanismos de revisión, anteriormente comentados, servirá para revisar e avaliar a súa programación. Nel avaliaremos, nunha escala do 1 ao 4 (no cal 1 sería "totalmente en desacordo", 2 "en desacordo", 3 "de acordo" e 4 "totalmente de acordo"), os seguintes indicadores para a avaliación da Programación Didáctica:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas/temas/proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto.
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados

### 1. Accións de contribución ao proxecto lector

Fomentarse a lectura entre o alumnado a través das seguintes accións: - Dedicarase un mínimo de 10 minutos semanais á lectura e comprensión de textos. - Os textos tratados nesta materia serán de tipoloxía variada e incluírán gráficos, mapas, esquemas, fragmentos de obras científicas, literarias, xornalísticas, entre outras; e os tipos de soporte poderán abarcar libros, material dixital, revistas, xornais, etc. - Realizaranse ademais accións específicas de fomento da lectura como a dispoñibilidade dun listado de obras literarias de lectura optativa sobre aspectos das ciencias sociais relacionados coa materia (preferentemente, novelas históricas e/ou xeográficas). - Velarase polo cumprimento da Hora de Ler, respectándoa cando coincida no tempo da materia.

## **2. Accións de contribución ao plan dixital**

Prestarase especial atención ás seguintes accións: - Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposicións dos mesmos na aula. - Actualizar a páxina web do departamento, dentro da páxina web do instituto. - Elaborar, na medida do posible, artigos para a publicación na revista dixital do instituto. - Elaborar apuntes de varios temas/boletíns e utilización de aulas virtuais. - Empregar de xeito regular equipamento TIC para navegar por Internet así como para explicar os contidos de diversas unidades. - Visualizar vídeos e/ou DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida. - Utilizar nos ultraportátiles do alumnado proporcionados polo proxecto E-Dixgal as aplicacións de software libre para a realización de actividades.

## **3. Accións de contribución ao plan de convivencia**

O plan de convivencia ten como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación. Para mantelo, é importante que o alumnado coñeza claramente as NOF. Manterase unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ao alumnado con NEAE. Traballarase estreitamente co departamento de orientación e con xefatura de estudos. Favoreceranse actividades interdepartamentais facilitadoras da convivencia. Ademais resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando á súa disposición para mantelos informados de calquera problema ou situación relevante que se producise empregando medios diversos.